



# PLAN DIXITAL

**CEEPR AMENCER ASPACE**  
CÓDIGO DE CENTRO 36019815

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

**CEEPR Amencer-ASPACE**

**Código de Centro:** 36019815

**Dirección:** Avenida das Camelias s/n, Pontemuiños (Lourizán). CP 36153. Pontevedra

**Teléfono:** 986.850.305

**Mail:** [asociacion@amencer-aspance.org](mailto:asociacion@amencer-aspance.org)

- **Páxina web:** <http://amencer-aspance.org/>

O CEEPR Amencer-ASPACE é un Colexio de Educación Especial concertado coa Consellería de Educación, especificamente adicado á atención integral do alumnado con parálise cerebral e patoloxías afíns, que asiste a unha poboación comprendida entre os tres e vinteún anos de idade no ámbito territorial da provincia de Pontevedra. A titularidade do centro corresponde á Asociación Amencer-ASPACE, inscrita no Rexistro de Asociacións co Número Nacional 102.045 e Provincial 2358, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior por Orde do 22 de abril de 1997 e CIF G-36153757.

O CEEPR Amencer-ASPACE posúe concerto educativo para 5 unidades de educación especial. As necesidades que presentan están asociadas a parálise cerebral e/ou patoloxías afíns e sempre relacionadas con afectación neurolóxica.

O centro conta con persoal docente e non docente:

- 5 PT e 1 de apoio (15 horas)
- 1 fisioterapeuta
- 1 logopeda
- 2 auxiliares técnicos educativos

Neste curso o centro conta con trece alumnos e alumnas con necesidades permanentes e específicas de apoio. Entre elas podemos destacar as seguintes:

- Derivadas de déficits sensoriais diversos: visuais, auditivos, somático-tactís e de integración dos estímulos sensoriais en xeral.
- Derivadas de déficits motores: dificultades para acceder ao entorno, apraxias, discinesias, alteracións graves no tono muscular (hipotonía, hipertonia...), escoliosis, cifosis, lordosis, malformacións ortopédicas...
- Derivadas de déficits intelectuais: falta de conexión co entorno, dificultades para centrar e manter a atención, dificultades nas habilidades básicas de percepción, atención e memoria...
- Derivadas de dificultades comunicativas: dificultades para interactuar co entorno, imposibilidade para desenvolver a linguaxe oral, dificultades comprensivas e expresivas, necesidade de Sistemas Alternativos e/ou Aumentativos da Comunicación...
- Dificultades para a correcta deglución e masticación que inflúen directamente na súa alimentación; portadores de sonda gastroesofáxica nalgúns casos...

De xeito máis concreto, as necesidades específicas de apoio educativo enmárcanse nas seguintes:

**Necesidades no ámbito motor**

- Adquirir control postural e desenvolvemento motor
- Desenvolver as habilidades e destrezas manipulativas
- Aumentar a autonomía en xeral e na realización de AVDs

**Necesidades no ámbito da linguaxe e a comunicación**

- Relativas ao desenvolvemento da fala
- Relativas ao desenvolvemento da linguaxe
- Relativas ao desenvolvemento das funcións da linguaxe
- Emplear SAAC ou códigos comunicativos sinxelos

**Necesidades no ámbito cognitivo**

- Obter información a través dos sentidos
- Aprender a utilizar os seus sentidos para interactuar co medio
- Adquirir habilidades sensoriomotrices para explorar e manexar obxectos
- Desenvolver capacidades perceptivas
- Desenvolver a atención
- Desenvolver os distintos tipos de memoria
- Identificar os diferentes entornos
- Coñecer e utilizar o seu corpo
- Coñecer persoas, identificar, referenciar...
- Descubrir os obxectos
- Ter acceso á función simbólica
- Desenvolver estratexias para comprender o entorno físico e social
- Desenvolver conceptos básicos en relación ao tempo, ao espazo e á cantidade
- Adquirir aprendizaxes funcionais

**Necesidades no ámbito sensorial**

- Desenvolver a sensibilidade ante estímulos
- Desenvolver respostas perceptivas de conexión/interactuación/resposta co entorno
- Acceder aos distintos estímulos
- Compensar dificultades sensoriais específicas con outras respostas perceptivas

**Necesidades no ámbito afectivo-social**

- Ter un entorno emocional e social consistente
- Manter un contacto social normalizado con outras persoas e desenvolverse en entornos o menos restritivos posibles
- Adquirir e desenvolver hábitos de autonomía
- Desenvolver a comunicación
- Adquirir e desenvolver habilidades sociais
- Modelar conductas adaptativas

**Necesidades no ámbito do benestar e a saúde**

- Manter cubertas as súas necesidades de hixiene e coidado
- Manter cubertas as súas necesidades sanitarias e de saúde
- Regular ritmos biolóxicos (sono, fame, actividade...)
- Ter unha hidratación e nutrición axeitadas...

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *A condición socioeconómica e cultural no centro, é moi variada. O centro atópase en Ponte Muíños – Lourizán, un barrio preto da cidade de Pontevedra. O centro posúe boa comunicación para acceder en escasos minutos ao centro da cidade, e está situado ao carón das instalacións deportivas Rías do Sur en un entorno tranquilo. O centro dispón de xardín propio con parque infantil adaptado.*
- *O Proxecto Educativo do Centro ten como finalidade, entre outras, acadar as mellores condicións físicas, cognitivas, emocionais e comunicativo - lingüísticas do noso alumnado e o uso de tecnoloxía específica para cada un deles favorece a optimización das súas capacidades.*
- *Doutra banda, na Programación Xeral Anual incluírase o Plan dixital e os seus obxectivos entre os que destacan:*
  - *Creación dun equipo que dinamice a estratexia dixital*
  - *Formación do profesorado*
  - *Fomentar un uso máis regular de tecnoloxía aplicada á comunicación do alumnado*

*Acadar estes obxectivos favorecerá que teñamos unha estratexia metodolóxica máis completa para a atención ao noso alumnado. A tecnoloxía específica vainos permitir ofertar unha resposta educativa máis axeitada, intentando na medida das nosas posibilidades, que o déficit motor e os trastornos asociados altere o menos posible as súas experiencias de:*

- *Relación co seu entorno:*
  - *físico (comprensión, interacción e manexo)*
  - *social (linguaxe, comunicación e interacción cos demais)*
- *Autoeficacia (adaptación ao entorno)*

*En consecuencia, fomentar a súa motivación e disposición para a aprendizaxe.*

## 1.3. Breve xustificación do mesmo

*Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade recolle nas disposicións xerais a competencia dos centros docentes para deseñar e desenvolver un proxecto educativo propio, adaptándose á súa realidade cunha equitativa distribución dos recursos e un estilo pedagóxico propio, apoiado, entre outras, na cultura tecnolóxica e da innovación.*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

#### 1.4. Proceso de elaboración

*Ao non existir no noso centro un equipo de dinamización dixital, asumiu esta función o equipo directivo do centro, sendo coordinador do plan o xefe de estudos. Requeriuse en momentos puntuais a colaboración do resto do profesorado para cubrir o selfie, test de competencia dixital docente e DAFO.*

*A partires da análise e dos datos recollidos elaborouse o plan de acción cos obxectivos máis importantes a acadar no vindeiro curso 2022- 2023. Para finalizar elaborouse este documento que será enviado á Consellería de Educación e O.U., presentado en Consello Escolar e posto en coñecemento de toda a comunidade educativa.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: conectividade, infraestruturas de voz e de datos (conexións cableadas e sen fíos)*

- ✓ ***Rede cableada e 2 redes Wifi conectados a 2 switch***

- *Equipamento dispoñible:*

*Todo o equipamento é propiedade da entidade.*

- ✓ ***equipos de sobremesa/portátiles en cada aula/servizo, proxectores en determinadas aulas, servidor virtual con conexión dende calquera equipo. 7 equipos (1 por aula) antigüidade + 5 anos***
- ✓ ***1 portátil antigüidade 1 a 5 anos***
- ✓ ***2 Proxectores***
- ✓ ***2 NAS, unha delas de backup***

- *Servizos dixitais educativos:*

*Servizos corporativos que facilitan a xestión docente.*

- ✓ ***Páxina web e intranet***

- *Xestión do mantemento do equipamento do centro:*

- ✓ ***Pesoal propio en primeira instancia i empresa subcontratada***

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	2,3				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	2,1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,3				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,0				
	Profesorado	2,4				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,0				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	5	6	83,3%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

## 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>49.8</u>	<u>Explorador (A2)</u>	<u>76.4</u>	<u>Integrador (B1)</u>

## 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Ed. Espec.</b>	<u>49.8</u>	<u>Explorador (A2)</u>	<u>72.2</u>	<u>Integrador (B1)</u>

## 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2</b>	<u>5</u>	<u>100%</u>
<b>B1</b>		
<b>B2</b>		
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	<u>5</u>	<u>100%</u>



## 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e reflexión no equipo multidisciplinar, do centro xerouse unha análise DAFO que permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Facilítase o acceso a internet para o proceso de ensinanza-aprendizaxe.</p> <p>Existencia suficiente de equipamento informático no centro.</p>	<p>Demora na resolución de incidencias técnicas.</p> <p>Falta dun recurso dixital para favorecer a comunicación coas familias garantindo a privacidade.</p> <p>Sobrecusto dos dispositivos dixitais que se precisan para o noso alumnado (software e hardware), dos métodos de acceso e adaptacións físicas (soportes e mobiliario adaptado)</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Aceptable creación de recursos dixitais para reforzar a súa labor de ensinanza.</p> <p>Adaptación ás necesidades do alumnado.</p> <p>Boa actitude do profesorado para formarse e usar as tecnoloxías dixitais específicas que facilitan o desenvolvemento do noso alumnado.</p> <p>Estabilidade do persoal docente.</p>	<p>Falta de tempo para explorar o ensino dixital e levar ao aula os cambios metodolóxicos.</p> <p>Poucas dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía no centro.</p> <p>Insuficiente uso de recursos educativos abertos.</p> <p>Non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>Media de Nivel A2 de competencia dixital docente.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>Estabilidade do persoal non docente.</p> <p>Boa implicación de todo o equipo para desenvolver proxectos interdisciplinares.</p> <p>Boa implicación no manexo das TIC e dos SAAC.</p> <p>Dende a Asociación se facilita o apoio puntual do terapeuta ocupacional cos propios recursos da mesma.</p>	<p>Falta de terapeuta ocupacional como parte do equipo do centro e de outros perfís tecnolóxicos que axuden a desenvolver un programa de dixitalización adaptado ao noso perfil.</p>
	ALUMNADO	<p>O noso alumnado aprende a comunicarse a comunicarse a través de sistemas dixitais (SAAC).</p> <p>O noso alumnado ten acceso a tecnoloxías adaptadas ás súas necesidades educativas.</p> <p>O alumnado pode traer os seus propios dispositivos.</p>	<p>Alumnado con pluridiscapacidade (cognitiva, sensorial, motora, comunicativa/lingüística, conductual e de saúde).</p> <p>As características do noso alumnado, requiren adaptacións específicas que limitan o emprego de tecnoloxías estandarizadas e habituais, e condicionan a aprendizaxe mixta.</p>
	FAMILIAS	<p>As familias valoran e apoian o traballo desenvolvido no centro.</p> <p>Bo nivel de comunicación entre os profesionais e as familias.</p> <p>As familias móstranse receptivas ante as novas tecnoloxías e o uso de SAAC.</p>	<p>A sobrecarga diaria das familias, xunto ao nivel de dependencia dos seus fillos/as, reduce o tempo de adicación ás tecnoloxías dixitais precisas.</p> <p>Necesidade de formación e asesoramento en tecnoloxías dixitais.</p>
	OFERTA	<p>Existencia de formación específica en tecnoloxía de apoio.</p> <p>Existencia dun banco de produtos de apoio na entidade.</p>	<p>Dificultade para o acceso á formación da totalidade do persoal interesado na mesma, por distintos motivos (económicos, organizativos,...)</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Abordaxe individualizado e interdisciplinar.</p> <p>Na actualidade, ratio baixas nas aulas.</p>	<p>Non temos unha estratexia dixital.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Apoio á dixitalización por parte da Administración.</p> <p>Financiamento europeo.</p> <p>Existencia dun convenio de colaboración subscrito entre a Administración Educativa e a Asociación Amencer.</p>	<p>Insuficiente formación no relativo a ensinanza aprendizaxe con tecnoloxías dixitais apropiadas ao noso ámbito.</p> <p>Dificultade para participar nas actividades de formación do profesorado organizadas polo CFR ao priorizarse o acceso ao profesorado do ensino público.</p> <p>Programa de xestión que non permite reflectir a realidade dos centros específicos.</p> <p>Plans e proxectos dixitais pouco adaptados á poboación con grandes necesidades de apoio educativo.</p> <p>Excesiva carga burocrática que limita o desenvolvemento dos propios plans.</p> <p>Non hai moitas experiencias previas nas que basearnos.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>A orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade recolle nas disposicións xerais a competencia dos centros docentes para deseñar e desenvolver un proxecto educativo propio, adaptándose a súa realidade cunha equitativa distribución dos recursos e un estilo pedagóxico propio, apoiado, entre outras, na cultura tecnolóxica e da innovación.</p> <p>A administración educativa aposta pola innovación dixital (resolución do 3 de setembro de 2021)</p>	<p>Ratios educativas elevadas de atención ao alumnado con pluridiscapacidade.</p> <p>Falta de recoñecemento legal dalgunhas categorías profesionais precisas ( exemplo: terapeuta ocupacional para as adaptacións de sistemas dixitais)</p>
	CONTORNA	<p>Maior sensibilización social pola creación de entornas inclusivas.</p>	<p>Pouco coñecemento da contorna dos recursos dixitais que precisa esta poboación.</p>
	ANPA	<p>O centro forma parte dunha Asociación de familias de persoas con alteracións neuromotoras cunha longa traxectoria que lle aporta solvencia e recoñecemento.</p>	
	OUTRAS ENTIDADES	<p>Pertenza da Asociación Amencer (titular do centro educativo) á Federación Aspace-Galicia.</p> <p>Actitude colaborativa con outros centros educativos e institucións da contorna.</p> <p>Colaboración de distintas entidades coa Asociación Amencer.</p>	<p>A situación de pandemia e a crise reduciu as colaboracións externas coa nosa entidade.</p>

### 3. Plan de Acción

*O proxecto dixital do CEEPR Amencer ASPACE será un instrumento que adecúe e facilite o uso dos medios dixitais no proceso de ensinanza aprendizaxe, entendido dende o obxectivo do desenvolvemento pleno e integral do noso alumnado con grandes necesidades de apoio.*

*É fundamental dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se converta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o emprego das tecnoloxías. Será un instrumento que forme parte do Proxecto Educativo, e da Programación Xeral Anual.*

*Mediante o presente plan, preténdese:*

- *Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC's nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.*
- *Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.*

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

*Establecéronse áreas prioritarias para determinar os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.*

***Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolleu a información máis relevante. A mesma táboa emprégase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.***

*Na táboa, recóllese tamén::*

- *Os indicadores e os seus valores de partida e de chegada, é dicir, ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos.*
- *As accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, e a temporización e os recursos necesarios.*

## Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

<b>“Área/s de mellora”: LIDERADO</b>						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Establecer un equipo de dinamización digital de centro (EPD)				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador do plan dixital				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Concreción dun calendario de xuntanzas e cumprimento do mesmo (actas de reunión)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Actualmente non dispoñemos dun equipo que dinamice o traballo dixital no centro					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Dez reunións do EPD (recollidas en actas de reunións)			25 de abril de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
AO1.1: Reunión do claustro para explicar a importancia da creación do EPD e elaborar un calendario de reunións iniciais	Equipo directivo	Setembro 2022			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2: Valorar os recursos dos que dispón o centro en canto ás áreas de: comunicación dixital, xogos, audiovisual, SAACs.	Coordinador do plan dixital	Novembro 2022			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.3: Elaborar un plan formativo implicando a formadores internos ou externos que faciliten a adquisición daquelas competencias dixitais a mellorar	Coordinador do plan dixital	Febrero 2023			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.4: Extraer conclusións de mellora a desenvolver como obxectivos do plan dixital do curso 2023 - 24	Coordinador do plan dixital	Abril 2023			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

<b>“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS</b>						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Implementar unha ferramenta que dinamice a comunicación coas familias salvagardando a privacidade de datos				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección do centro educativo				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Uso dunha ferramenta dixital que dinamice a comunicación coas familias a partir do terceiro trimestre.					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 ferramentas dixitais que dinamice a comunicación coas familias salvagardando a privacidade de datos.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	1 ferramenta dixital			2 de MAIO 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1: dotar o equipo do plan dixital de tempos e espazos para explorar as ferramentas existentes.</b>	Dirección	31 Xaneiro 2023	Espazo físico para reunións Tempo de adicación. Ordenador.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO2.2: decidir a máis adecuada para a nosa realidade e necesidades, aprender uso e manexo da ferramenta e formar as familias.</b>	Coordinador do equipo dixital.	31 MARZO 2023	Espazo físico para reunións Tempo de adicación. Ordenador.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.3: implementala no centro</b>	Dirección	14 ABRIL 2023	A ferramenta dixital escollida e os recursos dixitais necesarios para levala a cabo.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro**

## “Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Incrementar o uso regular dos SAAC de alta tecnoloxía no ámbito escolar.	<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección e logopeda.	<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de membros do claustro e do persoal complementario que utiliza esta ferramenta no ámbito escolar de xeito regular. (validado con enquisas)		
<b>Valor de partida (3)</b>	20% do persoal o emprega de xeito regular.		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% do persoal o emprega de xeito regular.	16 XUNIO 2023	

### ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Pílulas formativas sobre os beneficios do uso dos SAAC no alumnado e como implementalo no centro.	Dirección e coordinador do equipo dixital.	30 XUÑO 2023	Webs de interés Webinars Formadores internos y externos. Equipos informáticos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO3.2: xerar un listado de ideas prácticas e actividades coas que podamos aumentar o uso do SAAC no ámbito escolar.	Dirección e logopeda	31 OUTUBRO 2023	Tempo de adicación.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIONES A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Ao tratarse dun centro concertado as necesidades de equipamento e as infraestruturas son solicitadas dende o centro educativo á propia entidade quen se fai cargo de procurar a financiación para adquirilos.

Ao reflectir estas necesidades neste documento, quizais poida servir para que dende a Administración Pública axuden na financiación das mesmas.

CEEPR AMENCER-ASPACE é un centro específico que atende a alumnado con parálise cerebral e patoloxías afíns. Presentan dificultades extensas a nivel motor, cognitivo e lingüístico polo que a nosa intervención se desenvolve nas áreas de comunicación, perceptivo-cognitiva e da interacción.

Utilizamos tecnoloxía de apoio moi concreta dirixida a tal fin, a cal permítenos adecuar a estratexia de ensinanza-aprendizaxe, na medida do posible á diversidade funcional e cognitiva de cada un dos nosos alumnos, xa que o que pode ser facilitador para un pode non selo para outro.

Os dispositivos e programas que nomeamos a continuación permiten o acceso de xeito que facilita a participación do alumnado adecuándose ás súas características individuais, facilitando diferentes:

- Tipos de varrido auditivo/visual e as velocidades do mesmo..
- Tamaños das celdas..
- Tipos de acceso:: táctil ou directa, con conmutadores .ou con dispositivos de selección por mirada (eye tracker)

O alumnado utiliza sistemas alternativos de comunicación a distintos niveis dependendo das súas capacidades.

Estes sistemas facilitalle o desenvolvemento da linguaxe e permítelle acceder, a través de actividades que se levan a cabo con estas ferramentas tecnolóxicas, aos contidos curriculares adecuados ao seu nivel madurativo.

O equipamento tecnolóxico que precisa o CEEPR AMENCER-ASPACE polo anteriormente exposto é:

#### 1. TECNOLOXÍA MEDIA

A comunicación e as actividades apóianse en dispositivos sinxelos con gravación de mensaxes:

- **COMUNICADOR SMOOTH TALKER:** é un comunicador versátil que ofrece diversas posibilidades de reprodución de mensaxes, permite configuralo como un comunicador dunha soa mensaxe, mensaxes secuenciais ou aleatorios.

Engadindo un conmutador externo e posible usalo para seleccionar entre dúas mensaxes.

Moi útil para desenvolver, facilitando o traballo cooperativo, na aula contidos curriculares das áreas:

- Linguaxe/comunicación (fomentar a conversa, entender a pragmática da linguaxe, a sintaxe e a morfosintaxe, desenvolver vocabulario)



- *Matemáticas (ampliar vocabulario matemático, concepto de orde, secuencia, seriación, cores, formas... )*
- *Sociais e naturais (obxectos da contorna, fenómenos atmosféricos, días da semana, meses, estacións...)*

## 2. TECNOLOXÍA ALTA

*A comunicación e as actividades curriculares apóianse a través de sistemas informáticos, normalmente PC ou TABLETAS, xunto con programas específicos.*

- *YETITABLET PRO 43: é unha tablets que ofrece acceso a mais de 3 millóns de aplicacións polo seu sistema operativo Android.*

*É unha boa ferramenta para favorecer e desenvolver o traballo didáctico co noso perfil de alumnado.*

*O seu tamaño e características fan que sexa unha boa opción para o alumnado con baixa visión e habilidades motoras reducidas.*

*O soporte de elevación fai posible que a tablet suba e baixe á altura desexada ou colocala de xeito totalmente horizontal.*

*Oferta paquetes de aplicacións específicos para educación e rehabilitación.*

*O seu tamaño favorece desenvolver o traballo grupal na aula e promover a interacción dos nenos/as con grandes necesidades de apoio educativo.*

*Facilita unha nova vía de aprendizaxe, incentivando a comunicación e a participación (xogos para apoiar a coordinación e a motricidade fina, calendario para apoiar as rutinas, promover habilidades sociais, fomentar a actividade física, estimular os sentidos, exercicios para estimular a memoria e a atención).*

- *SURFACE: é unha tablet robusta cun sistema operativo completo, ofrece 10 horas de uso continuado e a súa pantalla ofrece unha resolución máxima Full HD e ten unha gran cantidade de conexións para memorias USB.*

*Estas características son moi importantes xa que as SURFACE utilízanse xunto co programa de comunicación (GRID 3) para favorecer que os alumnos/as poidan desenvolver a súa linguaxe e a comunicación cos demais sen problemas técnicos, cunha boa calidade de son, imaxe e rapidez..*

*Normalmente para o traballo comunicativo a tablet ten que incorporar o sistema de acceso que pode ser un pulsador ou eye tracker e necesita conexión por USB.*

*Son útiles durante toda a xornada escolar xa que o seu fin é comunicativo.*

- *GRID 3: é un software que serve para comunicarse de xeito eficaz e desenvolver a linguaxe; é necesario para o noso alumnado que non fala de xeito oral ou teñen moitas dificultades para facelo de xeito eficaz.*

*Co uso do programa de comunicación aumentan as súas posibilidades de interacción.*

*Ofrece distintos niveis de linguaxe e vocabularios.*

*O seu uso pode ser a través de paquetes de pictogramas ou utilizar texto e escribir, adaptándose ás características e capacidades de cada alumno/a.*

*Fai posible unha interacción con éxito grazas ás voces integradas que posibilitan a comunicación cara a cara ou a distancia.*

*Está deseñado para persoas con necesidades de acceso complexas e dificultades de aprendizaxe.*

### 3. TECNOLOXÍA DE ACCESO AO PC OU TABLETS

- *RATOS ADAPTADOS: permiten facer o click a través dun pulsador externo*
- *CONMUTADORES INALÁMBRICOS:  
Simplyworks switch 125 byj + simplyworks receive*
- *RATO DE MIRADA: Tobii dynavox permite manexar o Pc ou a tablet coa mirada.*

## 4. **Avaliación do plan**

*O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:*

*- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Valorarase o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.*

*- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será dunha vez ao ano. Os aspectos a considerar inclúen, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

## 5. **Difusión do plan**

*A difusión do plan dixital seguirá o mesmo procedemento que os demais documentos de centro, é dicir, a través dos correos corporativos da nosa intranet (servidor interno) e na páxina web asociativa (Asociación Amencer- Aspace)*